

## Actividades para proxectos | Bloque 2: actividades de colaboración e diálogo intercultural.

Primaria: 3 a 12 anos

### O Ministerio de Cultura




Idade 3 a 7 anos.



Nivel de dificultade Alto



Temporalización 10 sesións



Etiquetas Patrimonio cultural, cadros, pintores e noticias falsas (*fake news*).

### DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

O alumnado participante traballará para o Ministerio de Cultura de eTwinning. Primeiro os estudantes realizan unha investigación sobre pintores famosos do seu país e as súas principais producións. Despois comparten esta información cos socios da actividade e coñecen cadros famosos doutros países. Finalmente reproducen de forma colaborativa o cadro máis votado polos socios da actividade.

### OBXECTIVOS

- Coñecer e valorar o patrimonio cultural tanto propio, como dos países participantes.
- Aprender a interpretar e analizar a información recibida para poder diferenciarla doutras falsas, asociando dita interpretación ó tratamento que facemos da información en Internet.
- Fomentar o traballo colaborativo e valorar a importancia de ser parte dun propósito común, neste caso, crear unha reprodución pictórica dalgún pintor de renome.

### COMPETENCIAS CLAVE E TEMAS TRANSVERSAIS

- Competencia dixital
- Competencia para aprender a aprender
- Competencias sociais e cívicas
- Conciencia e expresións culturais
- Educación cívica

## CONTIDOS CURRICULARES

- Patrimonio cultural: pintores e cadros.
- Uso responsable de Internet, as redes sociais e tratamento da información.
- Traballo colaborativo.

## ASPECTOS INCLUSIVOS

- Os alumnos traballarán por equipos, desenvolvendo as súas propias capacidades e intereses no proceso de investigación dos distintos autores e axudándose entre eles para organizar ese traballo.
- A decoración da parte do cadro asignada decorarase de maneira libre polos distintos equipos.

## PRODUTOS/ RESULTADOS ESPERADOS

- A reprodución dun cuadro famoso de maneira colaborativa.
- A creación dun xogo para identificar cadros e autores.

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

### PREPARACIÓN PREVIA

#### **Fase 1. Creación do TwinSpace e presentación.**

Os docentes crean cinco páxinas no TwinSpace da actividade con estes nomes:

1. Os nosos Ministerios de Cultura (presentámonos)
2. Os nosos pintores famosos
3. Votación do cadro colaborativo
4. O noso cadro colaborativo
5. Xogo: identifica os cadros falsos
6. Avaliación

The logo for TwinSpace, featuring the text "TwinSpace" in a blue, sans-serif font on a light grey rounded rectangular background.

[Enlace TwinSpace](#)

Os docentes engaden un muro (*TwinBoard*) na páxina «1. Os nosos Ministerios de Cultura» e escriben unha pequena presentación da súa clase.



## 1. Nuestros Ministerios de Cultura (nos presentamos)

En esta página vamos a incluir una presentación de nuestra clase o colegio para darnos a conocer al resto de socios. Es importante partir de aquí para que los alumnos se sientan más identificados con el proyecto y puedan poner cara a sus compañeros de trabajo.

### Ejemplo de presentación

Add item



#### Ministros y Ministras del CEIP X

¡Saludos amig@s!  
Somos los Ministros y Ministras de 5 años del CEIP X de Navalcarnero. Nuestro cole es muy grande y muy chulo y nosotros estamos deseando pasar al cole de los mayores, el edificio de al lado donde van los que pasan a primaria. Nuestro cole está en un pueblo llamado Navalcarnero, un pueblo del sur de Madrid, que es la capital de nuestro país, España.



Tutorial: [Como crear unha páxina en TwinSpace](#) (inclúe como engadir TwinBoard)

## Fase 2. Elección dos pintores. (2 sesións).

### Primeira sesión

O docente, nunha das asembleas previas ó inicio da actividade, informa ó seu alumnado de que estes se van converter en ministros e ministras de Cultura do seu país e teñen unha gran responsabilidade: terán que ensinar os seus socios os pintores máis relevantes do seu país e os seus cadros máis famosos.

O docente tamén informa ás familias, mediante circular ou nunha reunión, sobre a actividade na que van participar os estudantes. Así mesmo, pídelles que realicen unha pequena investigación na casa cos seus fillos e busquen información sobre algún pintor famoso e que debuxen ou impriman algún dos seus cadros máis coñecidos. Por outra parte, indica os familiares que poden participar e implicarse nestas actividades.

Suxestión: o docente pode crear un perfil de invitado dentro do TwinSpace para que as familias poidan acceder e ver o traballo que se vaia subindo neste espazo, que transmitirá nesa circular ou reunión previa.



Tutorial: [Como engadir un invitado ó TwinSpace](#)

## **Segunda sesión**

Os alumnos comparten o material que buscaron e elaboraron nas súas casas: fotocopias ou debuxos dos cadros que elixiron.

O docente expón este material na clase e o alumnado vota de maneira democrática os dous cadros que máis lles chamasen a atención -a votación pode ser a man alzada-.

Os alumnos presentarán ós seus socios da actividade as dúas obras máis votadas.

## **POSTA EN PRÁCTICA**

### **Fase 1. Coñecendo os pintores. (2 o 3 sesións)**

O docente busca información relevante sobre os pintores dos cadros seleccionados na votación e adica unha sesión a traballar cada pintor. Para isto pode empregar distintos recursos na rede: vídeos, contos, wikis...


Ó final destas dúas sesións, o docente reparte unha copia en papel do cadro para cada estudante e estes reproduceno coa técnica plástica elixida polo docente.

O docente crea un mural na clase ou no corredor e expón os traballos dos estudantes. No mural exhibe tamén unha copia dos cadros orixinais.

### **Fase 2. Presentación dos pintores. (1 sesión)**

Os docentes comparten a información dos autores e obras na páxina «2. Os nosos pintores famosos» do TwinSpace.

Os docentes preparan un pequeno vídeo -un por cada pintor traballado-, onde os estudantes da súa clase expón brevemente información sobre o autor traballado e ensinan as súas producións ó resto. Este vídeo compártese na páxina do TwinSpace mencionada no parágrafo anterior.



TwinSpace

[Enlace TwinSpace](#)

Suxestión: os docentes poden programar un evento en liña no que cada grupo presenta ó resto de socios as súas producións e comparte información sobre os autores traballados.



Titorial: [Como crear un evento en liña](#)

### Fase 3. Votación do cadro colaborativo. (1 sesión)

Un docente crea unha enquisa na páxina «3. Votación do cadro colaborativo» do TwinSpace coas obras que presentaron todos os membros da actividade para que todos os socios voten polo seu cadro e pintor favorito.



Titorial: [Como engadir unha enquisa a unha subpáxina de actividades](#)

O docente amosa as obras ó seu alumnado, realizan a votación do seu cadro preferido e o docente vota polo cadro que máis lles gustou ós seus estudantes.

O cadro que reciba o maior número de votos pintarase de maneira colaborativa por todos os centros.

#### Fase 4. Creación do cadro colaborativo. (1 sesión)

Un docente realiza unha copia en branco e negro da obra máis votada e coa ferramenta Posteriza, ou similar, divide dita copia tantas pezas como sexa necesaria.



Ferramenta: [Posteriza](#)

O docente divide os estudantes en grupos de tres ou catro persoas e repártelles unha peza para que a decoren colaborativamente coa técnica que eles escollan.

O docente comparte na páxina «4. O noso cadro colaborativo» os debuxos dos seus estudantes para que o resto de socios poidan imprimilos e formar, xunto ós seus, un gran cadro colaborativo a modo de puzzle.



## Fase 5. Cadros falsos (1 sesión)

O docente comeza a asemblea dando a en hora boa ó seu alumnado por ter realizado un magnífico traballo como ministros e ministras de Cultura.


A continuación, cóntalles que hai algúns individuos que se adican a enganar a xente con información falsa sobre as obras de arte e que a misión dos estudantes é axudar a estas persoas a recoñecer se esa información é verdadeira ou é falsa.

O docente crea un xogo coa ferramenta LearningApps, ou similar, para emparellar os autores que presentaron ó resto de socios coa obra de arte que realizou cada pintor.



Ferramenta: [LearningApps](#)

O docente comparte o xogo nunha das páxinas do TwinSpace para que o resto de socios tamén poida xogar.



[Enlace TwinSpace](#)

Suxestión: os docentes organizan unha reunión en liña para xogar a este pasatempo. Os estudantes tamén poden compartir información sobre algún dos pintores e o resto de socios ten que dicir se esta información é verdadeira ou falsa.

## AVALIACIÓN (1 sesión)

O docente realizará, de maneira oral na asemblea, unha pequena avaliación que recolla os principais aspectos traballados: se lles gustou a actividade, que lles pareceu traballar con nenos e nenas doutros colexios, que é o máis importante que aprenderon, se lles gustou pasar tempo coas súas familias, que ó o que menos lles gustou... O docente recollerá todas estas opinións para compartilas na páxina «6. Avaliación». do TwinSpace

O docente propón ó alumnado, a modo de avaliación final, que realice un debuxo do que máis lles gustou da actividade e comparte os debuxos dentro da páxina do TwinSpace nomeada anteriormente.



[Enlace TwinSpace](#)

Para rematar, os docentes reúnen, a través do chat ou videoconferencia de TwinSpace, para compartir os aspectos máis valorados polos estudantes, realizar unha pequena análise dos resultados finais e establecer propostas de mellora para futuras actividades.



The screenshot shows the TwinSpace website interface. At the top, there is a navigation menu with links for HOME, PAGES, MATERIALS, FORUM, ONLINE MEETINGS, and MEMBERS. Below the menu, there is a sidebar on the left with a list of pages: 1. Nos presentamos, 2. Nuestras máquinas de Internet, 3. Ideas negativas sobre Internet, 4. Ideas positivas sobre Internet, and 5. Evaluación. The main content area displays the page titled '5. Evaluación'. The text on the page reads: 'Aquí vamos a recoger un análisis de los resultados obtenidos en la evaluación, de manera oral, que realizaremos con nuestro alumnado al finalizar el proyecto. Podemos partir de una serie de preguntas básicas que iremos ampliando en función de nuestras necesidades y particularidades:'. Below this text is a list of 9 questions in Spanish.

Support

HOME | PAGES | MATERIALS | FORUM | ONLINE MEETINGS | MEMBERS

Pages

1. Nos presentamos
2. Nuestras máquinas de Internet
3. Ideas negativas sobre Internet
4. Ideas positivas sobre Internet
5. Evaluación

Archive

Create a page

### 5. Evaluación

Aquí vamos a recoger un análisis de los resultados obtenidos en la evaluación, de manera oral, que realizaremos con nuestro alumnado al finalizar el proyecto.

Podemos partir de una serie de preguntas básicas que iremos ampliando en función de nuestras necesidades y particularidades:

1. ¿Te ha gustado hacer este proyecto?
2. ¿Qué es lo que más te ha gustado?
3. ¿Qué es lo que menos te ha gustado?
4. ¿Te lo has pasado bien trabajando con niños y niñas de otros colegios de Europa?
5. ¿Qué crees que has aprendido de ellos?
6. ¿Qué crees que has aprendido sobre Internet?
7. ¿Hay algo que vayas a hacer ahora cuando uses Internet?
8. ¿Hay algo que no vayas a hacer ahora cuando uses Internet?
9. ¿Te gustaría volver a trabajar con niños de otros colegios de Europa?



Tutorial: [Uso e características do chat no TwinSpace](#)

## DIFUSIÓN

Os docentes poden pedir ás familias que sigan colaborando e pedirllas que realicen interpretacións fotográficas nos seus fogares: teñen que representar en familia algún cadro dun pintor nacional e compartilo co docente a través do correo electrónico.

Con estas fotos os docentes poden crear un museo virtual coas representacións familiares deses cadros e compartir o enlace con todas as familias participantes. Deste xeito reforzaremos todo o traballo realizado cos autores e o patrimonio cultural pictórico de cada país.

Como se sinalou antes, o docente pode crear un perfil de usuario invitado para que as familias, ademais de estar informadas do desenvolvemento da actividade, poidan acceder ó TwinSpace e ver o proceso de traballo. Isto servirá para que os familiares valoren e reforcen todo o traballo levado a cabo na aula.





Tutorial: [Como engadir un invitado ó TwinSpace](#)

## **FERRAMENTAS DO TWINSPACE / FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS**

TwinSpace: páxinas (TwinBoard e enquisas), reunións en liña, foros e membros.



Outras ferramentas:

Ferramenta para dividir unha folla en varias partes: [Posteriza](#)

Ferramenta para crear xogos en liña: [LearningApps](#)